

válidas nas mesmas condicións que foron expedidas e autorizarán o seu titular a levar pasaxeiro no vehículo aínda que non teña os dezaoto anos cumpridos.

Disposición transitoria segunda. *Período transitorio dos novos requisitos das probas de control de coñcementos.*

A modificación do artigo 56.1 e do anexo V).A será aplicable ás probas que se realicen a partir da data que se fixe mediante orde do ministro do Interior.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de setembro de 2008, agás a modificación do artigo 17.3, que o fará o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de xaneiro de 2008

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

1404 *CORRECCIÓN de erratas da Orde SCO/3317/2007, do 8 de novembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios. («BOE» 23, do 26-1-2008.)*

Advertidas erratas na inserción do anexo da Orde SCO/3317/2007, do 8 de novembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2106/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 30, do 21 de novembro, páxinas 3720 a 3726, transcríbense a continuación as oportunas rectificacións:

No anexo, páxina 3723, o cadro correspondente a «(II) SACARINA SÓDICA», débese substituír polo seguinte:

No anexo, páxina 3723, o cadro correspondente a "(II) SACARINA SÓDICA", débese substituír polo seguinte:

Sinónimos	Sacarina, sal sódico de sacarina
Definición	
Denominación química	o-Benzosulfimida sódica; sal sódico de 2,3-dihidro-3-oxobenzoisosulfonazol; sal sódico de 1,2-benzoisotiazolin-3-ona-1,1-dióxido dihidratada
Einecs	204-886-1
Fórmula química	C ₇ H ₄ NNaO ₃ S ₂ H ₂ O
Masa molecular relativa	241,19
Determinación	Non menos do 99 % e non máis do 101 % de C ₇ H ₄ NNaO ₃ S en substancia anhidra
Descrición	Cristais brancos ou po branco cristalino eflorescente, inodoros ou cun lixeiro olor, de sabor doce intenso, incluso en solucións moi diluídas. Aproximadamente entre 300 e 500 veces máis doce que a sacarosa en solucións diluídas
Identificación	
Solubilidade	Facilmente soluble en auga, moi pouco soluble en etanol
Pureza	
Perda por desecamento	Non máis do 15% (120 °C, 4 horas)
Ácidos benzoico e salicílico	A 10 ml dunha solución ao 1 por 20, previamente acidulada con cinco gotas de ácido acético, engadir tres gotas dunha solución aproximadamente molar de cloruro férrico en auga. Non aparece ningún precipitado nin cor violeta.
o-Toluenosulfonamida	Non máis de 10 mg/kg expresada en peso seco
p-Toluenosulfonamida	Non máis de 10 mg/kg expresada en peso seco
p-Sulfonamida do ácido benzoico	Non máis de 25 mg/kg expresada en peso seco
Substancias facilmente carbonizables	Ausencia
Arsénico	Non máis de 3 mg/kg expresado en peso seco
Selenio	Non máis de 30 mg/kg expresado en peso seco
Chumbo	Non máis de 1 mg/kg expresado en peso seco

No anexo, páxina 3723, o cadro correspondente a "(III) SACARINA CÁLCICA", débese substituír polo seguinte:

Sinónimos	Sacarina, sal cálcico de sacarina
Definición	
Denominación química	α-Benzosulfimida cálcica; sal cálcico de 2,3-dihidro-3-oxobenzoisosulfonazol; sal cálcico de 1,2-benzoisotiazolin-3-ona-1,1-dióxido hidratada (2:7).
Einecs	229-349-9
Fórmula química	C ₁₄ H ₈ Ca N ₂ O ₆ S ₂ 3 1/2H ₂ O
Masa molecular relativa	467,48
Determinación	Non menos do 95 % de C ₁₄ H ₈ Ca N ₂ O ₆ S ₂ en substancia anhidra
Descrición	Cristais brancos ou po branco cristalino, inodoros ou cun lixeiro olor, de sabor doce intenso, incluso en solucións moi diluídas. Aproximadamente entre 300 e 500 veces máis doce que a sacarosa en solucións diluídas.
Identificación	
Solubilidade	Facilmente soluble en auga, soluble en etanol.
Pureza	
Perda por desecamento	Non máis do 13,5 % (120 °C, 4 horas)
Ácidos benzoico e salicílico	A 10 ml dunha solución ao 1 por 20, previamente acidulada con cinco gotas de ácido acético, engadir tres gotas dunha solución aproximadamente molar de cloruro férrico en auga. Non aparece ningún precipitado nin cor violeta.
o-Toluenosulfonamida	Non máis de 10 mg/kg expresada en peso seco
p-Toluenosulfonamida	Non máis de 10 mg/kg expresada en peso seco
p-Sulfonamida do ácido benzoico	Non máis de 25 mg/kg expresada en peso seco
Substancias facilmente carbonizables	Ausencia
Arsénico	Non máis de 3 mg/kg expresado en peso seco
Selenio	Non máis de 30 mg/kg expresado en peso seco
Chumbo	Non máis de 1 mg/kg expresado en peso seco

No anexo, páxina 3724, o cadro correspondente a "(IV) SACARINA POTÁSICA", débese substituír polo seguinte:

Sinónimos	Sacarina, sal potásico de sacarina
Definición	
Denominación química	o-Benzosulfimida potásica; sal potásico de 2,3-dihidro-3-oxobenzoisulfonazol; sal potásico de 1,2-benzoisotiazolin-3-ona-1,1-dióxido monohidratada.
Einecs	
Fórmula química	$C_7H_4KNO_3S \cdot H_2O$
Masa molecular relativa	239,77
Determinación	Non menos do 99 % e non máis do 101 % de $C_7H_4KNO_3S$ en substancia anhidra
Descrición	Cristais brancos ou po branco cristalino, inodoros ou cun lixeiro olor, de sabor doce intenso, incluso en solucións moi diluídas. Aproximadamente entre 300 e 500 veces máis doce que a sacarosa.
Identificación	
Solubilidade	Facilmente soluble en auga, moi pouco soluble en etanol
Pureza	
Perda por desecamento	Non máis do 8 % (120 °C, 4 horas)
Ácidos benzoico e salicílico	A 10 ml dunha solución ao 1 por 20, previamente acidulada con cinco gotas de ácido acético, engadir tres gotas dunha solución aproximadamente molar de cloruro férrico en auga. Non aparece ningún precipitado nin cor violeta.
o-Toluenosulfonamida	Non máis de 10 mg/kg expresada en peso seco
p-Toluenosulfonamida	Non máis de 10 mg/kg expresada en peso seco
p-Sulfonamida do ácido benzoico	Non máis de 25 mg/kg expresada en peso seco
Substancias facilmente carbonizables	Ausencia
Arsénico	Non máis de 3 mg/kg expresado en peso seco
Selenio	Non máis de 30 mg/kg expresado en peso seco
Chumbo	Non máis de 1 mg/kg expresado en peso seco

No anexo, páxina 3724, o cadro correspondente a "E-955 SUCRALOSA", débese substituír polo seguinte:

Sinónimos	4,1',6'-triclorogalactosacarosa
Definición	
Denominación química	1,6-dicloro-1,6-dideoxi-β-D-fructofuranosil-4-cloro-4-deoxi-α-D-galactopiranosido
Einecs	259-952-2
Fórmula química	$C_{12}H_{19}Cl_3O_8$
Peso molecular	397,64
Determinación	Contido no inferior ao 98 % e non superior ao 102% de $C_{12}H_{19}Cl_3O_8$ calculado sobre a substancia anhidra.
Descrición	Po cristalino practicamente inodoro, de cor branca ou esbrancuxada.
Identificación	
A. Solubilidade	Facilmente soluble en auga, metanol e etanol Moi pouco soluble en acetato de etilo.
B. Absorción en infravermello	O espectro infravermello dunha dispersión da mostra en bromuro de potasio presenta valores máximos relativos en números de onda similares aos do espectro de referencia obtido mediante unha mostra patrón de sucralosa.
C. Cromatografía de capa fina	A mancha principal da solución de proba ten o mesmo valor R_f que o da mancha principal da solución patrón A que serve de referencia para a proba doutros disacáridos clorados. Esta solución patrón obtense mediante a disolución de 1,0 g da mostra patrón de sucralosa en 10 ml de metanol.
D. Poder rotatorio específico	$[\alpha]_D^{20} = +84,0^\circ$ a $+87,5^\circ$ calculado en la substancia anhidra (solución acuosa ao 10 % en p/v).
Pureza	
Humidade	Non máis do 2,0 % (método de Karl Fischer).
Cinza sulfatada	Non máis do 0,7 %.
Outros disacáridos clorados	Non máis do 0,5.
Monosacáridos clorados	Non máis do 0,1 %.
Óxido de trifenilfosfina	Non máis de 150 mg/kg
Metanol	Non máis do 0,1 %.
Chumbo	Non máis de 1 mg/kg

No anexo, páxina 3726, o cadro correspondente a "E-965 (ii) XAROPE DE MALTITOL", débese substituír polo seguinte:

Sinónimos	Xarope de glicosa hidroxenada con alto contido de maltosa, xarope de glicosa hidroxenada.
Definición	Mestura que consiste principalmente en maltitol con sorbitol e oligosacáridos e polisacáridos hidroxenados. Fabricase mediante a hidroxenación catalítica de xarope de glicosa cun alto contido de maltosa ou mediante a hidroxenación de cada un dos seus compoñentes, mesturándoos a continuación. O artigo de comercio subministrase tanto en forma de xarope como de produto sólido.
Determinación	Contido de sacáridos hidroxenados totais non inferior ao 99 % na substancia anhidra, e contido de maltitol non inferior ao 50 % na substancia anhidra
Descrición	Líquidos viscosos claros, incoloros e inodoros ou masas cristalinas brancas.
Identificación	
A. Solubilidade	Moi soluble en auga, moi pouco soluble en etanol
B. Cromatografía de capa fina	Supera o ensaio
Pureza	
Humidade	Non máis do 31 % (método de Karl Fischer)
Azucres redutores	Non máis do 0,3 % (expresados en glicosa)
Cinzas sulfatadas	Non máis do 0,1 %
Cloruros	Non máis de 50 mg/kg
Sulfatos	Non máis de 100 mg/kg
Níquel	Non máis de 2 mg/kg
Chumbo	Non máis de 1 mg/kg

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

1405 *REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos. («BOE» 23, do 26-1-2008.)*

A disposición derradeira sétima da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, autoriza o Goberno para que, no prazo máximo dun ano, contado a partir da súa entrada en vigor, elabore e aprobe un texto refundido en que regularice, aclare e harmonice as disposicións legais vixentes en materia de avaliación de impacto ambiental.

A lexislación sobre avaliación de impacto ambiental experimentou sucesivas modificacións desde a publicación do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, que adecuaba o ordenamento xurídico interno á lexislación comunitaria vixente daquela en materia de avaliación de impacto ambiental. Tras unha modificación menor no anexo I operada pola Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, a primeira modificación significativa do Real decreto lexislativo 1302/1986 lévase a cabo coa Lei 6/2001, do 8 de maio, previamente co Real decreto lei 9/2000, do 6 de outubro, que traspuxo a Directiva 97/11/CE do Consello, do 3 de marzo de 1997, e reparou determinadas deficiencias na transposición da Directiva 85/337/CEE do Consello, do 27 de xuño de 1985, que foran denunciadas pola

Comisión Europea. No ano 2003, a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modifica o Real decreto lexislativo 1302/1986 en catro dos seus preceptos.

Finalmente, no ano 2006 realizáronse dúas modificacións transcendentais do citado real decreto lexislativo. A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, introduciu importantes cambios para dar cumprimento ás exixencias comunitarias previstas nas directivas antes citadas, así como para clarificar e racionalizar o procedemento de avaliación de impacto ambiental. A Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, permitiu a adecuación da normativa básica de avaliación de impacto ambiental á Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio do 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co ambiente e pola que se modifican, no que se refire á participación pública e o acceso á xustiza, as directivas 85/337/CEE e 96/61/CE do Consello. Esta modificación supuxo o recoñecemento real e efectivo, ao longo do procedemento de avaliación de impacto ambiental, do dereito de participación pública, conforme o previsto no Convenio da Comisión Económica para Europa de Nacións Unidas sobre acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de ambiente, feito en Aarhus o 25 de xuño de 1998.